a voz do pobo

¡proletarios de todo-los paises unídevos!

órgao do partido comunista de galicia

Nº 18 – 23 de Xaneiro de 1977 –10pts.

... de LOITA

GALEGOS

¡VIVA O VIII ANIVERSARIO DO P.C.G.!

A NOSA HISTORIA É A LOITA

57 ANOS DE LOITA POR GALICIA, A DEMOCRACIA E O SOCIALISMO EN LIBERTADE

DECLARACIÓN DO COMITÉ EXECUTIVO ENCOL DO 8º ANIVERSARIO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

O II PLENO AMPLIADO DO COMITE CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA, QUE TIVO LUGAR EN OUTUBRE DO ANO PASADO, RESOLVEU INICIAR EN XANEIRO DE 1.977 A CELEBRACION DO VIII ANIVERSARIO DA CONSTITUCION DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA.

I-FOI HAI 8 ANOS, NA CLANDESTINIDADE...

A aspiración dos comunistas galegos de constituir un partido autónomo dentro do Partido Comunista de España, viña xa da República e foi frustrada pola rapidez con que Galicia caíu nas maus do fascismo.
Plantexada de novo ista necesidade polos militantes galegos do Partido Comunista de España nun intre en que a recomposición do Movimento Obreiro, Estudiantil e Campesiño o facían posible e necesario, viuse satisfeita coa realización nos primeiros días do ano 1.969, fóra das nosas fronteiras e baixo a hospitalidade dun partido irmán, do Congreso Constituinte do Partido Comunista de Galicia composto casi totalmente por delegados das organizaciós do Partido chegados clandestinamente do interior do país.



"o fillo de breogan"











Neste Congreso discutíuse e aprobóuse o Programa Provisional do novo Partido, e lixíuse un Comité Central e a Santiago Alvarez como Secretario Xeral. Pouco despóis veu a luz "A VOZ DO POBO", órgao do Partido Comunista de Galicia, que sustituíu a "Galicia Ceibe" anterior voceiro dos comunistas galegos.

O dotar ó pobo galego dun Partido Comunista de seu, nacional contribuíu a que se dise un salto na conciencia nacional galega, e que hoxe ocupen un posto de vanguardia os movimentos obreiro, campesiño e mariñeiro de Galicia a nivel do Estado, e á presencia de Galicia ó mesmo nivel que os outros pobos na reivindicación da autonomía, no camiño da autodeterminación nacional.

Logo, a práctica demostróu que si ben é preciso que a clase obreira española dispoña dun solo Partido Comunista, pois enfréntase a unha clase dominante que predomina en todo o Estado; tamén é preciso que cada nacionalidade, atendendo ás súas propias particularidades e a necesidade de lograr a súa liberación nacional, dispoña dun Partido Comunista propio, con órgaos de direción, Congresos e prensa propios, sin menoscabo da indispensable política conxunta a nivel de Estado.

A pesares da relativa debilidade numérica da nosa clase obreira; da grande influencia da ideoloxía pequeno-burguesa nun pais como o noso onde a pequena produción é maioritaria; a pesares da despolitización fomentada polo Franquismo e da aititude de parte considerable da burguesía, o Partido Comunista de Galicia e o movimento obreiro logra - ron unha importante madurez e unha posición clave na vida política galega. Non hai nos derradeiros tempos acontecemento político galego, ou movilización social siñificativa, nos que ó PCG non estivera presente en primeira línea.

Sin embargo, non todos foron ésitos. Ademáis dos problemas que hoxe ten que abordar o PCG (finanzas, propaganda, prensa, novas formas de orgaización, etc.) como consecuencia da transición a un partido legal de masas, temos que referirnos a aquiles outros que ainda non demos resolto.

Fagamos unha rápida enumeración: o Pacto de Unidade Galega aínda non se pode decir que se logróu; o retraso do movimento nacional galego aínda non se superóu plenamente, de xeito que non están totalmente neutralizadas as tendencias a discriminarnos retardando " illi tempore" as solucións ó problema nacional galego.

Si ben o PCG é reconocido xa, pódese decir que unánimemente, como partido nacional galego, a nosa implantación sigue sendo escasa en amplias zonas do campo, do mar e da emigración; a atención ó frente cultural, á teoría, ós itelectuales galegos, sigue a ser parcial; a presencia de mulleres no PCG está, polo de agora, moi lonxe das necesidades e desproporcionada coa nosa forza global na población. Igoal podemos decir, a outro nivel, da presencia de cristiáns no Partido, etc.

II-LOITA CON RAICES

O Partido Comunista de Galicia nacéu en realidade hai 57 anos, en 1.920, cando se creóu en toda España, ó calor da Revolución Socialista do Outubre, o Partido Comunista.

Dende o noso orixen os comunistas galegos tivemos sempre como obxetivo fundamental a loita polo socialismo e conquerir a autodeterminación de Galicia, mesmo antes da fundación en 1.931 do Partido Galeguista. Non hai outro Partido, con raices na historia de Galicia, que teña mantido ó longo de tanto tempo posiciós consecuentes cara á cuestión nacional galega.

Mais, a constitución como tal en 1.969 do PCG creóu as condiciós pra que os comunistas pasáramos máis da teoría a práctica no tocante a recoller os anceios específicos da nación gaelga na loita de masas reivindicativa e na loita antifranquista, Deste xeito déuse un salto de calidade que fixo posible a continuidade de loita de Galicia polo Estatuto de Autonomía; o PCG foi o único Partido do antiguo Frente Popular Galego que erguéu esta bandeira hasta hoxe endía.

Os primeiros comunistas galegos estiveron presentes na loita contra a Dictadura de Primo de Rivera, no advenimento da República que permitíu un gran desenrolo do Partido sobre todo en Pontevedra e Ourense (uns 4.000 militantes en Galicia en 1.936), destacando a implantación do movimento obreiro en Vigo e nas Federaciós das Sociedades Agrarias en Ourense e Pontevedra.

Pola participación na movilización de Outubre do 34 prenderon a Santiago Alvarez, campesiño de Valdeorras, responsable xa daquela da Organización do Partido nesa comarca ós 21 anos.

En 1.936 o Partido forma parte do Frente Popular que gana en tres provincias as eleciós de febreiro (O Partido Comunista pasóu en Galicia de 3.000 votos no 3? a 81.905 en 1.936). Ponse de novo en marcha o Comité Central de Autonomía, onde nos representaba o camarada Pasín Noia e realízase o 28 de Xunio o plebiscito do Estatuto de Autonomía que resoltóu aprobado polo pobo por esmagadora maioría. Diferentes autores coiciden en resaltar o papel decisivo xogado polos comunistas galegos na campaña pro-Estatuto.



dirixentes comunistas como Arauxo e Garrote en Vigo (responsables do Comité de Galicia), Manolo del Valle en Ourense e outros caíron nos primeiros días do levantamento militar. No mes de Marzal de 1.937 foi Benigno Alvarez -"o amigo do home" se lle chamóu- que morréu en Ourense onde andaba escapado.

Cando estoupóu o Movemento, Santiago Alvarez hachábase en Madrí en misión do Partido e alí orgaíza, pra loitar contra dos subleva-dos, as Milicias Galegas. De 1.200 homes que eran ó principio da guerra sólo 150 pasaron a fronteira en 1.939: os demáis caíron por Galicia e pola República. Son de esta époco as publicaciós "El Miliciano Galego", "Nova Galicia", "Nueva Galicia".

Loitadores comunistas como Isidro López e Blanco Pascual, ambos os dous de Valdeorras caen loitando como tantos outros no frente de Asturias.

Nos anos 40 orgaízase debidamente a loita guerrillera, o Exército Guerrillero de Galicia, que chegóu a ter unha forza considerable, combinado coa orgaización do llano e co apoio dos campesiños e do pobo, que foi unánime en algúns intres i en algúns lugares. Editaban El Guerrillero" e outros xornales. No ano 1.941 Eladio Rodríguez, que entra dende o esilio dende Cuba pra reorgaizar o Partido, e Barreiro, que está en Vigo, son detidos e pouco despóis fusilados.

O ano 46 Gaioso e Seoane viñeron tamén pouco despóis do esilio en Sudamérica a facerse cargo da direción do Partido e da guerrilla. Caíron na Cruña e foron fusilados o 6 de Novembre de 1.948. Tamén ofrecéu a súa vida o antiguo comandante do Batallón de Milicias Galegas, Valentín Fernández. Manoel Ponte, xefe da IV Agrupación, foi morto en combate. Segundo Vilaboi, obreiro ferrolano guerrilleiro, foi torturado e asesinado a garrote vil en Xaneiro de 1.949. Manuela Sánchez morre a tiros mentras protexía a retirada dos guerrilleros que se topaban na súa casa. Pancho, Foucellas en tantos outros .... regaron a nosa terra de sangue comunista. Loitando nos frentes da Unión Soviética contra Hitler caíu heroicamente Manuel Martínez, do Barco, que tiña acadado o grado de comandante no Exército popular republicán.

En 1.943 reconstruíuse na clandestinidade, en Santiago, o Pacto Galego do Frente Popular nunha xuntanza onde estiveron: P. Galeguista, P. Comunista, P.S.O.E., C.N.T. e personalidades de Izquierda Republicana. Nombróuse a Castelao representante de Galicia como ministro da República no esilio.

En América os Partidos do Frente Popular Galego crean a Alianza Nacional Galega.

O Partido Comunista e o Partido Galeguista traballaron xuntos hasta 1.950, ano en que este último se autodisolvéu.

Santiago Alvarez que airá o fin da guerra civil e que no esilio mantiña estreita correspondencia con Castelao, volta clandestinamente a España, cae preso o 25 de Agosto de 1.945 i é torturado, pídeselle pena de morte i é condenado xunto co dirixente comunista vasco Sebastián Zapiraín. Tras unha gran campaña internacional (os veciños de Valdeorras movilizáronse daquela, a pesares do terror, en defensa de Santiago) consíguese salvarlle a vida e pasa 18 anos na cadea.

Morre no esilio o camarada Pepe Silva, de Santiago de Compostela, canteiro, un dos máis veteranos militantes do Partido, e membro do C.C. do P.C.E.

III- O PARTIDO DE HOXE

O Partido sigue o combate en Galicia sustituíndo os caidos, renovándose na xeneración que non vivíu a guerra, e así hasta as folgas obreiras de 1.962, o nacemento das Comisiós Obreiras orgaizadas en Vigo e o Ferrol en 1.966, a loita campesiña en Castrelo do Miño e a gran folga e movilización estudiantil de 1.968 en Santiago. Aiciós que crearon as condiciós pro Congreso Constituínte do PCG a finales dos anos 60.

Con posterioridade ó nacemento do PCG tiveron lugar feitos importantes nos que o Partido xogóu un papel decisivo:

A movilización do NON PAGAR en Ourense en 1.970 que chegóu a vencellar a uns 80.000 labregos contra a cuota empresarial da Seguridade Social Agraria. Foi o inicio das Comisiós Campesiñas, e o nacemento do moderno movimento campesiño galego. Serxio Sandoval, Camilo de Dios, Manuel Peña-Rey, Carlos Barros e outros foron prendidos, torturados e procesados a consecuencia destas loitas.

Teñen lugar as grandes folgas de 1.972 no Ferrol e Vigo. Amador Rei e Daniel Niebla, foron mortos a tiros pola forza pública no trascurso dunha manifestación pacífica de orixe reivindicativo. A población do Ferrol paralizóu en solaridade as súas actividades ise día 10 de Marzal. Xunto con outros encartados no proceso dos 23 do Ferrol, foron represaliados e condenados a prisión os dirixentes obreiros e do PCG: Xulio Aneiros, Rafael Pillado, Manuel Pillado, Amor, Robóo, Xulio Pérez de la Fuente, Sari Alabau e Rafael Barez.

O proletariado de Vigo uníuse a folga en Marzal en solidaridade co Ferrol, encertando así un ciclo de folgas que remataría coa folga xeral de setembre, que duróu 15 días, e se saldóu con máis de 100 despedidos, unha gran parte deles diri-



xentes e militantes do PCG como Waldino Varela e outros.

O Partido Comunista de Galicia loitóu denodadamente pola unidade da oposición galega. A constitución da Xunta Democrática de Galicia en Viana do Castelo o 9 de Marzal de 1.975, da Táboa Democrática de Galicia o 13 de Xulio de 1.976 e a presencia de Galicia na Comisión Negociadora co Goberno Suárez de Valentín Paz-Andrade, co apoio do PPG e da TDG, teñen sido as cotas máis altas da unidade alcanzada polas forzas democráticas galegas.

De certo que a nosa historia, a historia dos comunistas galegos é a loita do pobo galego. Recuperar ista historia quer decir, pros militantes actuales do PCG particularmente, a necesidade de conocela e de asumila, pro que é preciso a súa reconstrución e análise.

Compre que entendamos o Partido no seu devenir, dinámicamente, como unha gran forza histórica, pero afincada no presente e proieutándose cara ó futuro, non como unha orgaización que eisiste solo desde que o militante ingresa nela.

IV – QUINCENA VIII ANIVERSARIO

Acordóuse realizar do do 24 de Xaneiro ó 6 de Febreiro unha campaña pública e de masas, que supoña o comenzo da celebración do VIII Aniversario do Partido Comunista de Galicia.

Os eixes da campaña VIII Aniversario son: afiliación masiva ó PCG; saída a luz pública do Partido en maior medida que cando a campaña pro abstención no Referendum; venta masiva de "A Voz do Pobo" "Mundo Obrero" e demáis publicaciós do Partido. Dar un impulso a campaña de recaudación de 5 millós de pesetas e a normalización das cotizaciós. Hai que impoñer, de feito e de dereito, a legalización do Partido Comunista e de todos os partidos. É preciso prestar especial atención ó campo e ó mar. Hemos de poñer no centro da nosa actividade a reivindicación dos Estatuto de Autonomía de Galicia no camiño da autodeterminación nacional.

Trátase, deste xeito, de ir póndonos a punto cara a campaña electoral que xa está encima. Debemos facer todo, todo, pra que a xente nos conozca polo que pensamos e queremos, polos feitos que temos realizados por nós mesmos, non polas mentiras e difamaciós que sectores interesados, cando non mezquinos, fan correr sobor de nos, os comunistas.

As actividades previstas faranse a tres niveles: entrega do carnet do PCG en actos abertos, propaganda, mitins e outros actos públicos. Unha das metas de ista campaña e crear as condiciós pra presentación pública en cada centro de traballo e de estudio, parroquia ou comarca, barrio, localidade, etc., ante as masas, dos comunistas. Sin prevención algunha, demostraremos a nosa decisión de actuar abertamente, de non esconder a nosa militancia, de arrostrar incluso os riscos que poida implicar o declararnos comunistas ante os nosos compañeiros de traballo, ante os veciños, etc. Ningunha propaganda insidiosa, antidemocrática, vai a retrasar a necesidade de darnos a conocer ás masas a todos os niveles, con nome e apellidos.

¡POR GALICIA¡

¡POLA AMNISTIA E LIBERTADE DE TODOLOS PARTIDOS POLITICOS¡

¡POR UN PARTIDO DE MASAS ABERTO CARA Ó POBO E ESPECIALMENTE CARA A XUVENTUDE¡

¡VIVA O VIII ANIVERSARIO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA¡

COMITE EXECUTIVO DO P.C.DE GALICIA

XANEIRO DE 1.977



MARIÑEIROS CONSTITUIENSE EN SINDICATO

Onte, dia 30 de decembre, como resultado de unha asambea de alrededor de cen mariñeiros de baixura e como consecuencia de outras reunións e asambleas anteriores nas que se víu debatindo a problemática dos mariñeiros de baixura da Ria de Vigo e a ncesidad de avanzar hacia a creación dun sindicato democrático, libre, de clase, autónomo e independente como único medio válido pra a correcta defensa dos intereses dos mariñeiros. Aprobóuse a constitución de un Sindicato das Comisións Mariñeiras de Galicia de Baixura da Ria de Vigo, sendo elexida unha xunta xestora de sete mariñeiros que ostentarán de unha forma provisional a representación do dito sindicato, has a eleición definitiva da Xunta Directiva".

Comunicado de Prensa

De xeito semellante estánse orgaizando sindicalmente os traballadores do mar nas outras rias galegas.



!ISTE É O CAMIÑO!



VENTA PUBLICA DA NOSA PRENSA



«EN PÉ» «ESCOITA»

Denantes rematar o ano 76 sairon a luz dous novos periódicos do Partido. Trátase de "Escoita" i "En Pé", órgaos dos Comités Locales de A Cruña e Ferrol respeutivamente.

A nova situación política na que nos atopamos impón ó Partido que a sua voz sexa difundida de xeito cada vez máis amplo, concreto e profundoentre tódolos seitores da sociedade. "Escoita" i "En Pé" ven de chear un valeiro dos moitos que aínda temos, na nosa prensa, razón ista pola cal saudamos a sua aparición e anceiamos a sua continuidade no vieiro de que ambos órgaos contribuian a consolidar e desenrolar o Partido que Galicia precisa: Un Gran Partido Comunista de Galicia.

PCG-PCG-PCG!



O "noso carnet"

UNHA ALTERNATIVA DEMOCRATICA PRA GALICIA



libros

Ven de sair, editado por Nova Galicia, o último libro escrito polo noso camarada Santiago Alvarez.

"Unha alternativa democrática pra Galicia" non e outra cousa que o informe presentado polo camarada Santiago diante do Pleno ampliado do Comité Central do Partido celebrado no outono. Nél recóllense os análisis máis recentes dos comunistas con respecto a realidade social i económica da nosa terra así como as principáes propostas cara a solución dos problemas políticos actuáes.

"Unha alternativa democrática pra Galicia" ven de ser unha proposta precisa e unha aportación fundamental cara a xusta solución dos problemas que Galicia ten prantexados, razón pola cal recomendamos a sua lectura e discusión.

BASILIO

NA MORTE DE JUAN NOVOA NOVOA

O pasado día 31 de decembro do 75 morréu na súa casa de Ourense, o que fora xunto a Benigno Alvarez e máis outros fundador do Partido Comunista de España en OURENSE na mitade da década dos anos vinte.

Tipógrafo de profesión (traballou os seus derradeiros anos na Región) nascéu o camarada Juan o 13 de Xunio de 1.898, pasando un total de 14 anos da súa vida nas prisóns franquistas, sofrindo a primeira detención de Marzal do 1.937 ao mesmo mes do 44, e a segunda e última dende o 1.946 ao 54. Tivo tamén un fillo, Máximo, incorporado a guerrillaen misión de enlace, que foi morto o 25 de Decembro do 48, namentras exercía unha misión de vixía en canto que un grupo guerrilleiro xantaba na empanada que íl mesmo lles había levado. Todos istes aconteceres non mermaron a ideoloxía marxista de Juan Novoa, nin quebraron o seu espíritu. Somentes o invalimento físico dos derradeiros anos, ceqo e casi xordo, arrumbóuno ao marxen do navegar cotidián dos acontecimentos históricos.

Foi enterrado no primeiro día do ano, no cimiteiro de San Francisco, perto da súa casa, e o cadavre foi levado a lombos dos seus camaradas do Partido Comunista de Galicia en Ourense en todo o traieuto. Pechóu o acto Manuel Peña-Rey membro do Comité Executivo do PCG, coas seguintes verbas:

"O home que rematamos de despedir, é un exemplo disa xeneración de traballadores que adicaron a súa vida enteira, nas condiciós históricas máis duras e difíciles na defensa dos seus intereses de clase e por unha sociedade máis xusta.

Cofundador do P.C. de España en Ourenese, condenado a morte no ano 37, condena que lle conmutaron pola cadena perpétua, salíu aos 7 anos, despois de padecer traballos forzados. Inmediatamente incorpórase á guerrilla, onde morrerá seu fillo. Nova detención e pasa outros 7 anos na cadea.

Todo iste historial escalofriante, como castigo polo seu indomeñable espíritu de loita, non deixóu no seu corazón o máis pequeno rescoldo de odio. Cando eu o conocín, ceqo e con dificultades pra se comunicar sorprendíme a súa lucidez nos analíses que facía, o espíritu noble de reconciliación sin cabida pra revanchismos, e o gran entusiasmo e esperanza no futuro, que xa entrevéu que escomenzaba, e no que persoas como íl terán que ser valoradas polas xeneraciós vindeiras como se merecen, e non como hastra agora, que incluso na morte tiñan que ocultarse.

O coñocer e lembrar a vida distes homes, é o gran estímulo que as xeneraciós novas necesitan pra levar a cabo a tarefa de conquistar isa sociedade nova sin esplotadores e sin egoismos que o capitalismo intereeadamente nega sexa posible, pero que vidas como as do noso compañeiro son proba e exemplo da sua posibilidade.

Por todo isto, eu quero no nome dos meus compañeiros niste derradeiro intre agradecerllo públicamente.

Adios, Juan. Adios, camarada. Gracias pola tua vida e o teu exemplo.

Organización do PCG en Ourense

conversa con

VICENTE G. MONTOTO.



SOCIEDADES AGRARIAS
SINDICATO CAMPESIÑO GALEGO

¿Qué importancia conceden as organizaciós do Partido as propostas das CC.CC. de ir cara a formación das Sociedades Agrarias?

Os comunistas estivemos sempre entre os primeiros, anque non os únicos, na potenciación das CC.CC..Apoiamos polo tanto enteiramente a orientación de ir inmediatamente a constitución dunha Xunta Promotora ou Xestora das Sociedades Agrarias, sindicato dos campesiños galegos. Día a día, pois hoxe os acontecementos corren moi apresa, faise máis necesario o concretar a alternativa agraria, aberta, unitaria, democrática e antimonopolista. Os restos burocráticos e caciquiles das desprestixadas hermandades intenetan lavar a cara cunha nova palabrería "democrática". Si os sectores máis consecuentes do campesiñado non damos unha resposta inmediata estamos facilitando a continuidá desas Hermandades.

¿E as outras forzas democráticas?

Non pode decirse que os partidos políticos, incluido o PCG, anque salvando as diferencias notorias que están á vista, haxan asumido, máis alá das espresiós ben intencionadas, a importancia que en Galicia sigue tendo o campesiñado de cara a democracia hoxe, e de cara ó socialismo mañá. E por elo que a proposta das CC.CC. aparece como a única viable, e na que teñen cabida tódalas forzas, tódalas siglas, detras das cales haxa campesiños, poucos ou moitos, non importa. Pero hoxe é preciso decir que os campesiños non participan, na súa gran maioría, en ningún tipo de grupo político ou corrente sindical, e polo tanto as alternativas de masas que se fagan teñen que responder a esa realidá. Esa é a nosa postura dentro das CC CC., sin que elo implique deixar os esforzos que se veñen facendo cos gandeiros, cos curas, cos técnicos das CC.LL. "Terra",con cooperativistas.

¿Por qué as Sociedades Agrarias?

A primeira razón é que, a pesares do tempo, o espíritu das Sociedades Agrarias, co seu carácter unitario, representativo, asambleario, aínda está vivo .Esto poidémolo comprobar en casi tódas as asambleas e reuniós. Non é solo a recuperación da tradición organizativa que os campesiños asumiron denantes do Movimento, senón o dar continuidá a unha voluntá de loita, que, como estamos vendo, o réxime non foi capaz de domeñar. E por suposto, as novas esperencias, as necesidades que se derivan dos tempos presentes, incorpóranse de maneira natural a ise espírito de que falo.

¿Cal sería a estructura dise sindicato?

Nos documentos propostos polas Comisiós Campesiñas dáse unha importancia decisiva a Asamblea de Farroquia, quen debe elexir a directiva da Sociedade Agraria. Insístese tamén en que a Asamblea ten de estar aberta a tódolos veciños, independentemente de estar sindicados ou non, ou perteñecer a outro sindicato agrario. Proponse tamén a constitución de Coordinadoras de Axuntamento, pois a pesar de que no futuro deba superarse esta artificial división administrativa, hoxe esiste, e a il está ligado o montaxe das Hermandades cuio patrimonio é reivindicado pra todo o Movemento Sindical Agrario. Os escalós seguintes son as Uniós Comarcales, as Federaciós Provinciales (mentras as provincias subsistan) i a Confederación Galega.

¿E a nivel do Estado?

Na actualidade xa é sabido que as Comisiós Campesiñas participan na Coordinadora de Organizaciós Campesiñas do Estado Español (C.O.C.), sendo estas designadas, xunto a Unió de Pagesos de Catalunya, a Unión de Agricultores y Ganaderos de Aragón, a U.A.G., de la Región Murciana, a Unión de Llauradors y Ramaders del Pais Valenciá i as organizaciós campesiñas da Mancha representadas pola U.A.G. de Albacete, pra composición do Secretariado da Coordinadora. Cando se constituian as Sociedades Agrarias, serán lóxicamente as mismas quenes decidan as relaciós co resto das organizaciós a nivel do Estado.